



A BIBLIOTECA

LIBROS POR TODAS PARTES

Usuarios

Os usuarios da nosa biblioteca son todos os alumnos e alumnas do centro.

Cada un deles disporá dun carné de usuario, persoal e intransferible que dará acceso a todos os materiais e servicios: empréstitos e para a utilización dos computadores. Debe coidarse pois terá validez para toda a escolaridade.

O alumnado de educación infantil tamén poderá aceder ao empréstito de libros sempre que dispóna de carné e o faga acompañado da nai, pai ou tutor legal.

**Este
a nosa
Ponll**

Horarios

A biblioteca permanecerá aberta durante todo o horario lectivo, e polas tardes de luns a venres. Cada grupo de alumnos, co seu titor, terá reservada unha hora á semana para utilizar a biblioteca.

Durante os recreos, respectando as normas de uso, a biblioteca poderá ser usada para **empréstitos** e **devoluciones** os días indicados para cada ciclo.

Polas tardes, estará abierta para a lectura, o empréstito e a realización de traballos escolares que requirian bibliografía, etc. Lémbrese que é un lugar de lecer e de traballo e non pode convertese o seu uso nun servizo de gardería.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 A 11:45				
11:45 A 12:15				
12:15 A 14:00				
16:00 A 18:00				

Préstamo Utilización da biblioteca


Organización

Os libros están situados en andeis e ordenados segundo a Clasificación Decimal Universal (CDU).

Cada libro leva un adhesivo na parte inferior do lombo que contiene os datos que serven para identificar o tipo e a súa ubicación.

Os **libros de lectura** están organizados en distintas **seccións**, por materias, según o nivel lector: educación infantil, primeiros lectores, 6 a 8 anos, 9 a 11 anos, 12 en diante e comic. Cada unha está identificada cunha cor diferente.

Os **libros de consulta**: encyclopedias, diccionarios, atlas, etc. pódense atopar á dereita noda más entrar. Estes libros non se emprestan xa que deben estar a disposición de todos os usuarios.



A biblioteca é un lugar moi especial do colexio. Un lugar para ler, para aprender. Un lugar de encontro no que poder informarse de todo o que interese.

Ademais de libros, tamén se poden atopar, mapas, revistas e equipos informáticos cos que acceder a Internet.

Pero, sobre todo, e a través da lectura e dos libros, a biblioteca permitirá viaxar no tempo ou no espazo, visitar épocas remotas, lugares marabillosos desconocidos, coñecer formas de vida moi distintas ás nosas, ter noticias de civilizacións afastadas, de animais sorprendentes...

A Biblioteca Escolar consta de varias zonas: de lectura e consulta habilitadas para as distintas idades, multimedia, de empréstitos, de traballo en equipo, etc.



Empréstitos

Cada usuario poderá ter emprestados ao mesmo tempo un máximo de tres libros. Cada empréstito terá unha duración de 15 días sendo imprescindible a presentación do carné de usuario. Provisionalmente a ata o remate da catalogación de todos os fondos, o número máximo de libros emprestados será dun exemplar cada vez.

Os libros xa catalogados poderán ser emprestados ao momento. No suposto de que o exemplar solicitado non estea catalogado ou, o que é o mesmo, non dispóna do novo adhesivo na parte inferior do lombo, o empréstito non poderá realizarse ao instante, debendo quedar o libro en reserva, ata o día seguinte, á espera da súa catalogación.

Cando se devolva o empréstito deberá entregáre directamente ao profesorado da biblioteca e confirmar que sexa anotado como devolto no programa informático de xestión da biblioteca escolar. Nunca se deben colocar as devoluciones directamente no andel nin depositálas no mostrador sen avisar, pois dese xeito non queda constancia da devolución.

T.I.C

Na zona multimedia hai computadores para uso exclusivo do alumnado. Pódense utilizar para consultar o catálogo da biblioteca, encyclopedias ou CD ROM, buscar información en internet, xogos educativos, etc.

Co fin de que outros usuarios tamén poidan utilizar os equipos haberá un límite máximo de 20 minutos por usuario e dia. Transcurrido ese período o computador dispón dun dispositivo que fai que se peche automaticamente.

Para poder utilizar esta zona é necesario disponer do carné da biblioteca.

Servizos

Durante este curso os servizos que prestará a BE son: lectura e consulta na sala, empréstito, información e extensión cultural (documentación de saídas e visitas escolares).

Os libros pódense localizar ben ollando directamente a sección correspondente, ben a partires do Catálogo da BE que se pode atopar no web do colexio, ou ben preguntando aos bibliotecarios. Cando se seleccione un libro dun andel, para ler ou para levar, deberase ser coidado e deixar o resto dos libros ben colocados.

As actividades que se realicen, as novidades, así como as presentacións de libros difundiránse mediante o boletín digital "banzdixital" do centro, mediante circulares que se envíen ás aulas, o panel informativo da entrada e a páxina web do centro.



Empréstitos

Cada usuario poderá ter emprestados ao mesmo tempo un máximo de tres libros. Cada empréstito terá unha duración de 15 días sendo imprescindible a presentación do carné de usuario. Provisionalmente a ata o remate da catalogación de todos os fondos, o número máximo de libros emprestados será dun exemplar cada vez.

Os libros xa catalogados poderán ser emprestados ao momento. No suposto de que o exemplar solicitado non estea catalogado ou, o que é o mesmo, non dispóna do novo adhesivo na parte inferior do lombo, o empréstito non poderá realizarse ao instante, debendo quedar o libro en reserva, ata o día seguinte, á espera da súa catalogación.

Cando se devolva o empréstito deberá entregáre directamente ao profesorado da biblioteca e confirmar que sexa anotado como devolto no programa informático de xestión da biblioteca escolar. Nunca se deben colocar as devoluciones directamente no andel nin depositálas no mostrador sen avisar, pois dese xeito non queda constancia da devolución.

T.I.C

Na zona multimedia hai computadores para uso exclusivo do alumnado. Pódense utilizar para consultar o catálogo da biblioteca, encyclopedias ou CD ROM, buscar información en internet, xogos educativos, etc.

Co fin de que outros usuarios tamén poidan utilizar os equipos haberá un límite máximo de 20 minutos por usuario e dia. Transcurrido ese período o computador dispón dun dispositivo que fai que se peche automaticamente.

Para poder utilizar esta zona é necesario disponer do carné da biblioteca.

Servizos

Durante este curso os servizos que prestará a BE son: lectura e consulta na sala, empréstito, información e extensión cultural (documentación de saídas e visitas escolares).

Os libros pódense localizar ben ollando directamente a sección correspondente, ben a partires do Catálogo da BE que se pode atopar no web do colexio, ou ben preguntando aos bibliotecarios. Cando se seleccione un libro dun andel, para ler ou para levar, deberase ser coidado e deixar o resto dos libros ben colocados.

As actividades que se realicen, as novidades, así como as presentacións de libros difundiránse mediante o boletín digital "banzdixital" do centro, mediante circulares que se envíen ás aulas, o panel informativo da entrada e a páxina web do centro.

